

RESUMO DE CONTIDOS

**Todas as
persoas suman:
construíndo un
mundo diverso**

Xeografía e Historia |
3º ESO



Índice

1. Sectores produtivos na Unión Europea.....	2
2. Sectores produtivos en España.....	3
3. Sectores produtivos en Galicia.....	5
4. A poboación como espello da sociedade.....	6
5. O reto demográfico en Galicia e España.....	6
6. Causas e consecuencias do cambio demográfico.....	7
7. Cambios nos modos de vida e na diversidade social.....	8
8. O territorio: do éxodo rural á concentración urbana.....	8
9. A pegada humana e a protección do medio.....	9
10. Políticas demográficas en Galicia e España.....	9
11. Canta máis variedade, mellor!: cambios sociais e diversidade.....	10
12. Cales son os problemas e retos de futuro da sociedade actual?.....	11
13. Loitando pola igualdade de xénero.....	11

1. Sectores produtivos na Unión Europea

A Unión Europea é unha das principais áreas económicas mundiais, sendo na actualidade a **primeira rexión comercial** do planeta. A isto contribúe a existencia dun **mercado único** dentro da UE, e que ten como obxectivo principal permitir a libre circulación de bens, servizos, capitais e persoas entre os Estados membros sen aranceis nin controis fronteirizos. A economía da rexión é a terceira máis grande do mundo en termos nominais.

A UE é o maior **exportador** de manufacturas e servizos como maquinaria, vehículos e produtos químicos. Os principais destinos das exportacións son **Estados Unidos, Reino Unido e China**. Ao mesmo tempo, a UE é dependente de **importacións en enerxía e materias primas**.

O sector agrario en Europa

O sector primario en Europa ocupa arredor de 8,6 millóns de persoas, o que representa o **4,2%** da poboación activa. A pesar do seu reducido peso, ten unha **alta produtividade**, achegando máis do **1,2% do PIB** da UE. Destaca por ser un dos máis **tecnificados** e produtivos do mundo. Entre as principais exportacións destacan produtos como cereais, lácteos, carne de porco e viño.

A Política Agraria Común (PAC)

O principal instrumento que regula o sector agrario na Unión Europea é a Política Agraria Común (PAC), compartida por todos os países membros. Entre os seus obxectivos están ofrecer **axuda ás persoas agricultoras** (normalmente con subvencións), mellorar a **rendibilidade** do sector, garantir alimentos accesibles, conservar o **medio natural** e loitar contra o cambio climático. Con todo, a PAC é foco de controversias polos criterios á hora de asignar as subvencións ou por reverter en melloras reais no sector agrario.

A industria europea

Europa segue a ser unha das **principais rexións industriais do mundo**, cunha longa tradición histórica, malia non ser na actualidade o sector predominante. Emprega arredor do **17%** da poboación activa e representa o **19%** do PIB, aínda que existen diferenzas dun país a outro.

A industria en Europa caracterízase pola súa **produtividade e tecnificación**. Entre os sectores máis destacados podemos mencionar o químico, o automobilístico, o siderúrxico e o agroalimentario. Con todo, nos últimos anos a industria europea está a experimentar un decrecemento, por mor dos procesos de desindustrialización e deslocalización.

A principal rexión industrial europea é a coñecida como **Eixe central** ou **Banana azul**. Comprende zonas de Europa central desde Londres ata o norte de Italia pasando por

Bruxelas, París ou Frankfurt. Nela concéntranse moitas das grandes industrias e centros financeiros do continente.

O sector servizos en Europa

É o sector predominante, representando arredor do **70%** do PIB e ocupando a maior parte da poboación activa, máis do 70%.

Comercio

É a principal actividade do sector terciario. A UE é unha das maiores potencias comerciais do mundo, cun forte mercado exterior e interior sen aranceis entre os países membros.

Transporte

Está ligado ao desenvolvemento do comercio, vertebrado nunha ampla rede de transportes que tamén estrutura o territorio: rede de estradas e vías rápidas, vías ferroviarias e transporte aéreo.

Turismo

Europa alberga algúns dos principais destinos turísticos do mundo, como Francia, España ou Italia. Trátase dun sector económico de gran importancia, representando o 10% do PIB e empregando a máis de 23 millóns de persoas. Tras superar as perdas da pandemia, agárdase que o sector siga medrando nos próximos anos. Isto pon de relevancia un dos principais desafíos do sector: o crecemento sostible e respectuoso co medio natural e as persoas que habitan os espazos turísticos.

2. Sectores produtivos en España

O sector primario en España

Durante a primeira metade do século XX, España aínda era un país maioritariamente agrario. Hoxe, a comezos do XXI, o sector foi perdendo peso ata representar só o **4% da poboación activa**. Porén, a súa repercusión no PIB estatal é significativa, cun 2,5% por riba da media europea.

Agricultura e gandería

É o sector que máis acusa a perda de poboación activa durante as últimas décadas. Isto débese en parte á tendencia á mecanización dun sector máis **tecnificado** e que esixe menos man de obra. Mais tamén estamos a falar dunha **crecente especialización** no traballo e no tratamento das especies, buscando a máxima rendibilidade.

A incorporación de España á UE implicou adoptar as **políticas da PAC**. Entre elas destacan o aumento da aposta pola **agricultura e gandería ecolóxicas**, os cultivos con denominación de orixe, ou o fortalecemento do tecido socioeconómico das zonas rurais.

Entre os principais cultivos destaca a tríade mediterránea –**vide, oliveira e trigo**– ademais doutros cereais como cebada, centeo ou millo. Tamén son salientables **os legumes, as hortalizas e as froitas**, tanto para consumo interno como para exportación. É un dos primeiros produtores e exportadores de **gando porcino** e, en menor medida, de gando vacún.

Pesca

O sector pesqueiro é un dos máis salientables dentro da Unión Europea, cunha actividade que abrangue a **pesca de altura**, a de **baixura** e a **acuicultura**. Entre os **portos** de maior envergadura sitúanse os de Vigo, A Coruña, Isla Cristina, Barbate, Pasaia, Avilés e Xixón. Entre as **especies** capturadas destacan o bacallau, a pescada, a sardiña, o atún, o polbo e o marisco.

O sector enfrenta **problemas** como a explotación excesiva, o **esgotamento dos caladoiros**, o cambio climático e as limitacións ás capturas impostas pola UE. Isto implica procurar alternativas en caladoiros do estranxeiro.

A industria en España

España viviu unha **industrialización tardía**, que non se implantou de xeito definitivo ata a segunda metade do século XX. Na actualidade a tendencia é a redución do seu crecemento, debido á progresiva terciarización e aos procesos de **desindustrialización** e deslocalización de empresas que experimentan os países desenvolvidos.

O sector secundario ocupa na actualidade o **10% da poboación activa** e representa arredor do 14% do PIB. Entre os sectores industriais destacan o **agroalimentario**, o **automobilístico**, o **químico**, o farmacéutico e o de produción de enerxía. Porén, España presenta unha alta **dependencia enerxética do exterior**, que se manifesta sobre todo na importación de combustibles fósiles como petróleo e gas natural.

Así mesmo, o sector industrial español está formado maioritariamente por **PEMES**: pequenas e medianas empresas de menos de dez persoas empregadas. Moitas destas empresas enfrontan grandes retos como a transformación dixital e a competitividade global, sendo **dependentes de fondos europeos ou de capital estranxeiro**.

En España destacan tres grandes paisaxes industriais:

- **Áreas industriais desenvolvidas:** As provincias de Madrid e Barcelona, sede de industrias máis punteiras.
- **Áreas en expansión:** Levante e cunca do Ebro, con sectores en desenvolvemento como o agroindustrial.
- **Áreas en declive:** Eixo cantábrico, desde Galicia a Euskadi, con industrias máis tradicionais actualmente en reconversión, como a mineira ou a naval.

O sector servizos en España

O sector terciario é o verdadeiro motor da economía estatal cun **70% do PIB e da poboación activa**. Isto vén impulsado sobre todo polo turismo e, en menor medida, polo comercio, o transporte, os servizos financeiros como a banca e os servizos sociais como a educación e a sanidade. Igual que outros países desenvolvidos, a de España é unha **economía terciarizada**, notable desde a década de 1960, e que continúa a tendencia á terciarización.

Turismo

É o subsector clave, responsable da **terceira parte** da economía do sector servizos do Estado e o 12% do PIB. Non en van, España é un dos **principais destinos turísticos** a nivel mundial, ocupando en 2024 o segundo posto con 94 millóns de turistas internacionais.

Con todo, o crecemento descontrolado do turismo de masas está a provocar importantes problemas: impacto ambiental, xentrificación, perda de identidade ou dependencia económica.

Comercio

É outro subsector moi relevante que representa unha parte importante do PIB e do emprego. Nos últimos anos creceu o **comercio exterior**, con exportacións lideradas polo **automóvil**, os produtos farmacéuticos e os **agroalimentarios**. Porén, España segue arrastrando un histórico **déficit comercial**. No interior predomina o comercio polo miúdo, cun gran número de PEMES.

3. Sectores produtivos en Galicia

O sector primario en Galicia

No eido agrario destaca o predominio da **gandaría bovina** para produción láctea e cárnica e, en menor medida, da porcina e aviar. Nos últimos anos foi notable a **tecnificación** das explotacións, moitas delas cooperativas, e o incremento da agricultura e a gandaría **ecolóxicas**. Aínda así, o sector enfrenta varios problemas como o progresivo abandono do rural, unha estrutura da propiedade minifundista, e tamén unha masa social envellecida con escaso relevo xeracional.

O **sector pesqueiro** galego mantén o seu arraigo tradicional en zonas costeiras. É un dos máis relevantes dentro da UE, cunha frota de máis de 4000 embarcacións con portos clave como o de Vigo, o maior do Estado en descargas de peixe fresco.

Nas últimas décadas cobrou forza o **sector forestal**, en parte como consecuencia do abandono dos montes e a proliferación de industrias madeireiras. Galicia produce o 60% da madeira do Estado, sobre todo con plantacións de especies de crecemento rápido

como o **eucalipto** e o **piñeiro**, que empobrecen o solo, alteran a biodiversidade e facilitan a propagación de incendios forestais.

O sector secundario en Galicia

Máis tradición teñen sectores como o **agroalimentario** ou o naval, aínda que este último leve anos en proceso de reconversión. No da alimentación destacan as industrias derivadas da actividade pesqueira, como a **conservedeira**, tanto de peixe como de marisco.

Nos últimos anos está a cobrar impulso a **producción de enerxía**, sobre todo en renovables como a hidráulica, a eólica e a biomasa. As renovables representan o 80% da enerxía producida en Galicia. A eólica, con case 200 parques, é a que máis crece e tamén a que enfrenta maior rexeitamento social polo enorme impacto ambiental e paisaxístico que implica a súa instalación.

O sector terciario en Galicia

Comercio

É a principal actividade, con máis da metade do sector terciario. As exportacións supoñen unha alta porcentaxe do PIB galego, por riba do 40%, superando a media estatal. Disto son responsables subsectores como **a industria alimentaria, a automobilística e a enerxética**. A balanza comercial é positiva, ao haber máis exportacións que importacións. Con todo, o PIB per cápita sitúase por debaixo da media do Estado.

Turismo

Segue a medrar, superando en 2024 os 8 millóns de turistas. Predomina o **turismo estatal**. Nos últimos anos continúa a aumentar o **turismo internacional**, acadando xa o 30%. Os **destinos** máis visitados son cidades como Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo, ademais das Rías Baixas e do Camiño de Santiago.

4. A poboación como espello da sociedade

En **Galicia** e en **España** estamos a vivir un importante **cambio demográfico e social**: a poboación envellece, o rural perde habitantes e, ao mesmo tempo, chega xente doutras partes do mundo que enriquece a nosa cultura e contribúe ao desenvolvemento económico.

5. O reto demográfico en Galicia e España

Galicia

Galicia conta cuns **2,7 millóns de habitantes** (2024), segundo o INE. A súa poboación medra moi lentamente e, en moitas zonas rurais, incluso **diminúe**, especialmente polas

migracións internas e a baixa natalidade. A chegada de **persoas estranxeiras** (hai máis de 180.000 residentes migrantes) axuda a **compensar** parcialmente este descenso.

O **avellentamento** da poboación é un dos principais retos: máis do 26% da poboación ten máis de 65 anos, e a idade media sitúase en 48 anos, por encima da media española. Isto provoca que moitas **aldeas** queden case baleiras, co despoboamento como consecuencia máis visible, mentres se **concentran** os servizos e a actividade económica nas **ciudades e zonas costeiras**.

España

En **España** a situación é diferente en escala: a poboación supera os 49 millóns de habitantes (2025) e **medra** lixeiramente **grazas á inmigración**, xa que a natalidade tamén é baixa. O país tamén se enfronta ao avellentamento, pero con porcentaxes menores: arredor do 21 % da poboación ten máis de 65 anos e a idade media é de 45 anos.

A **concentración da poboación** nas grandes **ciudades e áreas metropolitanas** tamén é un reto: Madrid, Barcelona e outras urbes concentran gran parte dos recursos e oportunidades, mentres que o **despoboamento** afecta sobre todo ao **interior** e ao **rural**. A **diversidade cultural** é maior que en Galicia, polo que a **integración** e a **convivencia** son aspectos cada vez máis importantes na sociedade española.

6. Causas e consecuencias do cambio demográfico

Nesta actividade comprenderás mellor como está cambiando a poboación en Galicia e en España. Os cambios demográficos non ocorren ao azar: hai **causas** que os provocan e **consecuencias** que afectan á maneira de vivir, ao territorio e á organización das cidades e das aldeas.

Causas	Consecuencias
Baixa natalidade	Envellecemento máis acusado no interior de Galicia e España
Migración interna cara cidades e áreas costeiras	Despoboamento de aldeas e áreas rurais
Avellentamento da poboación	Envellecemento máis acusado no interior de Galicia e España

7. Cambios nos modos de vida e na diversidade social

Nos últimos **sesenta anos**, Galicia e España cambiaron tanto que, se comparades **a vosa vida** coa dos vosos **avós e avoas** cando tiñan a vosa idade, parece que falamos de **dous mundos diferentes**. Estes cambios afectan tamén á demografía e ao territorio, é dicir, a cantas persoas viven nun lugar e como se organiza o espazo.

Como era a vida hai 60 anos?

Daquela, a maioría da poboación vivía no **rural** ou en vilas pequenas. As **familias** eran moi **numerosas**: o tamaño medio do fogar español nos anos 60 superaba os 4,5 membros, mentres que hoxe apenas chega a 2,4.

A **esperanza de vida** era máis baixa: arredor de 70 anos en España a comezos dos 70, fronte aos 83 anos actuais.

A **escolarización** tamén era distinta. Moitos nenos e nenas deixaban a escola con 12 ou 14 anos para comezar a traballar ou axudar na casa.

No día a día, o **ocio** era moi limitado: radio, romarías, festas locais e cine ocasional. A televisión non chegou a moitas casas galegas ata a década de 1970.

Como vivimos agora?

O panorama **cambiou radicalmente**. A cifra de **fogares unipersoais** é unha das máis sorprendentes: en Galicia representan arredor do 28 % do total.

As familias teñen menos fillos e fillas.

A educación ampliouse: hoxe todo o alumnado debe cursar estudos ata os 16 anos.

Tamén cambiou o **mundo laboral**. Hoxe, máis do 77 % da poboación ocupada en Galicia traballa no sector servizos; só un 4 % permanece no sector primario.

E o **ocio**? Videoxogos, plataformas dixitais, cine, música en *streaming*, deportes, viaxes, redes sociais... Nada que ver co que había hai medio século.

8. O territorio: do éxodo rural á concentración urbana

Durante o século XX produciuse en Galicia un gran **éxodo rural** (migración masiva do campo ás cidades), motivado pola busca de emprego e servizos básicos. Como resultado, máis do **70 % da poboación galega** vive hoxe en **zonas urbanas e costeiras**, mentres que moitas **comarcas do interior** teñen densidades inferiores a 30 hab./km², o que indica unha **ocupación moi baixa** do territorio.

En **España** ocorreu un proceso similar: a poboación concéntrase nas **áreas metropolitanas** (Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla), que reúnen a maior parte das oportunidades laborais, mentres o **interior** experimenta **despoboamento** e **envellecemento**. Isto supón a redución de servizos, o peche de escolas e comercios e unha menor dinamización social e económica.

9. A pegada humana e a protección do medio

Os cambios demográficos e a expansión das cidades deixan unha **pegada clara no medio natural**. O abandono de terras agrícolas e do monte provoca:

- Maior risco de incendios
- Perda de mosaico agrario
- Desaparición de patrimonio cultural asociado ás aldeas

Nas **zonas urbanas**, pola contra, o **crecemento da poboación** aumenta o consumo de solo, a contaminación e a **presión** sobre recursos e infraestruturas.

Por iso, a **ordenación do territorio** (forma de planificar que usos se lle dá a cada espazo) é fundamental para equilibrar desenvolvemento e sostibilidade: recuperar espazos públicos, mellorar o acceso a servizos no rural, conservar áreas naturais e promover un uso máis responsable do territorio.

10. Políticas demográficas en Galicia e España

As **políticas demográficas** son as actuacións que os gobernos poñen en marcha para aumentar a natalidade, frear o envellecemento, atraer nova poboación ou evitar que o rural quede baleiro.

Galicia: actuar fronte á baixa natalidade e salvar o rural

- a) Apoio ás familias e á natalidade
- b) Revitalización do rural
- c) Retorno e integración de nova poboación

España: afrontar a baixa natalidade e o reto da “España baleirada”

España presenta unha **natalidade moi baixa** e un forte contraste entre cidades moi poboadas e amplas zonas interiores en risco de despoboamento. As políticas estatais buscan corrixir estes desequilibrios.

- a) Apoio á natalidade e á conciliación
- b) Políticas do Reto Demográfico
- c) Atracción e integración da poboación inmigrante

11. Canta máis variedade, mellor!: cambios sociais e diversidade

Como é a sociedade actual?

Como estás a ver, a sociedade cambiou moito nos últimos 30 anos, sucedéndose unha serie de cambios que fixeron que sexa moi heteroxénea. A continuación, analizaremos as **principais características da sociedade actual**:

Unha sociedade máis tecnolóxica

Non se pode concibir o mundo actual sen a tecnoloxía, un proceso que comezou a principios dos anos 90 do século XX, coa aparición dos primeiros ordenadores persoais e, dez anos despois, coa difusión do uso da Internet. Na actualidade, as redes sociais, a tecnoloxía móbil 5G, a dixitalización de todos os procedementos administrativos, a domótica, o teletraballo, o uso de robots nos procesos de produción das fábricas e, ultimamente, a intelixencia artificial marcan a vida de calquera persoa.

Pero, tamén atopamos **problemas derivados da tecnoloxía** como:

- A **fenda dixital**, sobre todo nas persoas maiores ou no difícil acceso ás tecnoloxías dalgúns grupos sociais ou en determinadas zonas xeográficas.
- Os **problemas psicolóxicos** derivados da adición ao uso do móbil, das redes sociais...
- O **ciberbullying**, é dicir, o acoso a través da Rede.
- A **ciberdelincuencia**, é dicir, as estafas que se levan a cabo a través da Rede.
- **As teorías negacionistas**, que poñen en cuestións verdades científicas como a esferecidade da Terra, o cambio climático ou a eficacia das vacinas.

Unha sociedade máis solidaria

Vives nunha **sociedade comprometida** coa consecución, obtención e conservación dunha serie de **dereitos relacionados**: coas persoas migrantes, co cambio climático, coa igualdade de xénero, coas persoas do colectivo LGTBIQ+, coas persoas que sofren as consecuencias dos conflitos bélicos...

Unha sociedade máis democrática

A **democracia está plenamente asentada** no país, con gran variedade de ideoloxías políticas, a pesar de que nalgúns países do mundo comézase a cuestionar este modelo ou implántanse outros de carácter totalitario, onde se recortan moitos dereitos básicos.

Unha sociedade máis informada

En teoría **vives nunha sociedade con moita información** recibida a a través de diferentes canles: televisión, radio, xornais, Internet... de tal maneira que é posible coñecer o que está a suceder en calquera parte do mundo en tempo real.

Pero, tamén atopamos **problemas** como a sobreesaturación de información ou as **fake news**, é dicir, noticias falsas que se difunden co obxectivo de crear alarma social.

12. Cales son os problemas e retos de futuro da sociedade actual?

- Moitas persoas teñen serias **dificultades para poder comprar ou alugar unha vivenda** polo seu alto prezo.
- Os **soldos son moi baixos e hai moita temporalidade**, sobre todo, nos traballos da xente moza.
- A **nivel político, a sociedade está moi polarizada en bandos ideolóxicos**, como se observa nos debates políticos, na prensa, nas redes sociais...
- Existe un **problema de despoboamento rural**, é dicir, cada vez hai menos xente vivindo no campo polas escasas opcións de futuro que ofrece a nivel laboral.
- A nivel económico e laboral, **séguese a ter unha excesiva dependencia do turismo ou da construción**.
- Hai un **preocupante ascenso da pobreza infantil e do número de persoas que non teñen cubertas as súas necesidades básicas**.

13. Loitando pola igualdade de xénero

Non á violencia de xénero

España é un dos países máis avanzados na loita contra a violencia de xénero en canto a medidas sociais e lexislativas, situándose nos primeiros postos europeos.

Por que somos un país pioneiro?

- Porque se crearon **numerosos organismos**, a nivel estatal, como o Ministerio de Igualdade ou o Instituto da Muller e, a nivel autonómico, como a Secretaría Xeral de Igualdade ou o Instituto da Muller.
- Porque se elaboraron **numerosas leis** para conseguir ese obxectivo, como a "Lei para igualdade efectiva entre mulleres e homes", ou a "Lei de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes", entre outras.
- Porque se crearon **xulgados especializados** en tramitar casos de violencia de xénero.
- Porque se levan a cabo numerosas **campañas de sensibilización** para toda a poboación.
- Porque se estableceu un **teléfono de axuda, a nivel estatal, (016) e, a nivel autonómico (900 400 273)**, gratuítos, confidenciais e que funcionan os 365 días do ano e as 24 horas do día.
- Porque existe unha **rede de casas de acollida** por todo o territorio.

Por que melloramos?

- Porque **se potencia a coeducación nas aulas** a través de campañas e celebracións de días sinalados, como o 25 de novembro ou o 8 de marzo.
- Porque **se deu unha maior visibilidade ás mulleres na cultura**: televisión, teatro, cine, literatura, artes plásticas...
- Porque **as novas xeracións están máis concienciadas e son moi activas en temas de igualdade**, denunciando nas redes sociais acosos e micromachismos.
- Porque **aumentou a taxa de emprego feminino**, situándose case ao mesmo nivel que a dos homes.
- Porque **se incrementou o número de mulleres en cargos directivos** nas empresas privadas e, sobre todo, na administración pública.

Que nos queda por facer?

- Reducir os **casos de violencia de xénero**, que aínda son moi elevados.
- Reforzar a **formación na prevención da violencia de xénero e na educación afectivo-sexual**, sobre todo, nas persoas máis mozas.
- Superar **determinados estereotipos de xénero**: hai máis mulleres nos estudos relacionados coa saúde (por exemplo, enfermaría) ou coas humanidades (por exemplo, educación), e menos nos relacionados coas científico-tecnolóxicas (por exemplo, enxeñaría)
- Eliminar **as diferenzas de salario** que existen entre mulleres e homes á hora de desenvolver un mesmo oficio.
- Conseguir a **paridade nos postos directivos** nas grandes empresas privadas e na Administración Pública.
- Evitar que as **tarefas domésticas e os coidados das persoas dependentes** recaian maioritariamente nas mulleres.



“Resumo de contidos: Todas as persoas suman: construíndo un mundo diverso”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#)